

Xénero e Nación

A Editorial Xerais acaba de publicar un ensaio que consideramos de especial interese polo que significa de novidoso, esclarecedor e necesario no panorama da literatura galega, en xeral, e da literatura galega de mulleres, en concreto, que vai enchendo os espazos baleiros no panorama literario, sobre todo no eido da poesía e, devagar, tamén na novela e o ensaio do que este libro representa un bo exemplo.

Trátase de *Elas e o paraguas totalizador*. *Escritoras, xénero e nación* de Helena González Fernández, profesora titular de literatura galega na Universidade de Barcelona, especialista en poesía contemporánea, crítica literaria feminista -non en van, xa en 1999 defendera a súa tese baixo o título *Mulleres atravesadas por unha patria. Poesía galega de mulleres entre 1975 e 1997*- investigadora do Centre Dona i literatura e crítica literaria na revista *Grial*.

Elas e o paraguas totalizador vén ser unha colección de artigos que foran publicados en diversos medios. Helena González ofrécenos nela un lúcido ensaio sobre as escritoras galegas que, desde as marxes, conformaron unha linguaxe e un espazo de seu que alterou a literatura e significou unha enérxica irrupción no canon. Para o seu estudo, a autora axúdase das teorías dos polisistemas de Even-Zohar que permiten explicar a mobilidade permanente dos discursos que se ordenan xeraquicamente e se definen funcionalmente en relación aos outros. O título fai referencia á metáfora

Baixo o paraguas totalizador

 DORINDA CASTRO SOLIÑO

overarching umbrella, traducido como “paraguas totalizador”, en definición de R. Radhakrishnan, que axuda a explicar as condicións nas que se desenvolve a literatura galega de muller como conformadora dun discurso nacional e xenérico.

Helena González parte dun achegamento contra-conónico ao contexto socioliterario galego centrado en cinco puntos: a repropiciación e a reescritura que tiveron que facer as escritoras de Rosalía -pois que, aínda que figura auroral da nosa literatura, a súa escrita estaba apropiada polo discurso patriarcal ao tempo que faltou outra figura de referencia até a aparición de Xohana Torres-, a creación da revista *A festa da palabra silenciada*, en 1984, que articula un ambicioso proceso de planificación literaria e o tardío da aparición da literatura galega de mulleres en relación a outros sistemas o que implica que teña espazos aínda baleiros.

Desde estes presupostos, a autora realiza un percorrido pola historia da nosa escrita feminina: a súa irrupción no panorama literario e as tirapuxas, contradicións, baleiros, reapropiacións e configu-

ración de eidos propios... Así, por exemplo, houbo que partir de resolver a aparente contradición entre o discurso universalista feminista e o nacionalismo. Comézase a falar entón de identidades dobres ou identidade oximorónica en palabras de Geraldine Nichols. As autoras son escritoras “outras” nunha literatura “outra”. Polemiza tamén Helena González sobre o actual debate das identidades e os “nacionalismos filolóxicos” A continuación cómpre a reflexión sobre se as mulleres escriben, ou non, diferente, como escriben os personaxes masculinos, a literatura lésbica ou a reapropiación e toma de conciencia das escritorias sobre o propio corpo: as poetas falan do territorio corporal, do sexo, xogan a provocar, reinventan a linguaxe e defínense a si mesmas como baleas... As poetas tamén se puxeron insubmisas e botáronse a andar baixo o lema “EU TAMÉN NAVEGAR”, verso de Xohana Torres que revisa a historia e o legado simbólico para reconstruílo e que creou unha estela de seguidoras. Outro tanto aconteceu co mito de Antígona: outra maneira posmoderna de facer revisión de xénero é desde a desintegración das linguaxes ao que tamén nos aproxima a autora.

Un libro, pois de referencia obrigada para comprendermos o mundo da escrita feminina e das identidades, en xeral.

CONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena,
Elas e o paraguas totalizador, Ed. Xerais,
Vigo, 2005, 260 páxinas

